



PRÓRROGA DA LICENZA DE CONDUCCIÓN

CLASES

1. Para vehículos agrícolas.
2. Para vehículos para persoas de mobilidade reducida (coches de persoas discapacitadas).

DOCUMENTACIÓN

1. **Solicitud** no impreso oficial dispoñible nas xefaturas de Tráfico e na páxina web da DXT (www.dgt.es). Pódese solicitar nos tres meses anteriores á data de fin de vixencia.

3. **Taxa IV.3: 24,10 €.**

Formas de pagamento: por internet en www.dgt.es, con tarxeta de crédito ou débito nas xefaturas de Tráfico ou con cargo na conta bancaria (modelo 791 dispoñible nas xefaturas e en www.dgt.es).

3. **Acreditación de identidade e residencia:**

- **DNI ou pasaporte:** orixinal en vigor.
- **Autorización de residencia ou documento de identidade do seu país ou pasaporte, xunto co certificado de inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros** para estranxeiros comunitarios: orixinal en vigor.
- **Autorización de residencia** para estranxeiros non comunitarios: orixinal en vigor.

4. **Informe de aptitude psicofísica telemático** anotado no Rexistro de Condutores por un **centro de recoñecemento para condutores.**

5. **Fotografía:** unha orixinal de 32 x 26 mm en cor e con fondo liso, tomada de fronte coa cabeza descuberta e sen lentes de cristais escuros nin calquera outra peza de roupa que poida impedir ou dificultar a identificación da persoa.

Cando se trate de solicitantes que pola súa relixión leven o cabelo cuberto, admitiranse as fotografías con veo. A única limitación para a súa admisión é que o óvalo do rostro apareza totalmente descuberto dende o nacemento do pelo ata o queixo, de forma que non impida ou dificulte a identificación da persoa.

SUPOSTOS ESPECIAIS

Domicilio: en caso de cambio, comunique o novo domicilio.

A presentación da documentación acreditativa do domicilio de empadramento e do IAE poderá ser substituída por unha autorización expresa para que a Dirección Xeral de Tráfico leve a cabo a verificación telemática da dita información. Para isto ten que marcar o recadro correspondente no formulario de solicitude do trámite, ou ben cubrir o formulario de consentimento expreso dispoñible na sede electrónica ou nas xefaturas de Tráfico. No caso de que non se obteña información válida, a posible emenda deberase realizar mediante a presentación da documentación.

Representación: cando a documentación non sexa presentada pola persoa titular do permiso ou licenza, a persoa que o representa deberá achegar o seu documento de identificación oficial e unha autorización da persoa interesada para realizar o trámite onde exprese o seu carácter gratuíto.

Taxa: A) As persoas maiores de 70 anos non pagan taxa.

B) Cando por razóns médicas a prórroga sexa por un prazo inferior ao establecido, os prezos das taxas serán as seguintes:

Ata 4 anos	19,30 €
Ata 3 anos	14,50 €
Ata 2 anos	9,70 €
1 ano ou menos	4,90 €